

	DEFINICIÓN DE POSTOS DE TRABAJO/ PERFÍS DE CUALIFICACIÓN	F1-PC-EST-06 Páxina 1 de 3
		Edición: 01 DATA: 28/07/2022

PERFIL DE POSTO
TERAPEUTA OCUPACIONAL
FEGADACE

Proxecto Rumbo: Cara un modelo de autonomía Persoal conectada e inclusiva

Descrición do posto:

Terapeuta Ocupacional - Proxecto Rumbo

Lugar de Traballo:

Ámbito de traballo: Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución das actividades que lle son propias (intervención en domicilios de persoas e familias con dano cerebral adquirido e intervención en centros residenciais participantes no programa, que acollen a persoas con dano cerebral adquirido); así como para coordinación coas asociacións federadas, outros/as colaboradores/as, ou a outros lugares onde se desenvolvan actividades que requiran da súa presenza e coordinación.

Adscrita á sede de FEGADACE, rúa Galeras, nº. 17, 2º, oficina 5; 15705 Santiago de Compostela

Relacións Xerárquicas e Técnicas:

O/a terapeuta ocupacional responderá xerárquica e tecnicamente ante a directora da federación. Reportará de maneira periódica á directora, quen á súa vez o fará ante a xunta directiva e asemblea xeral de socios, de ser requirido polo principal órgano de goberno.

Operativa e tecnicamente coordinarase coas profesionais de terapia ocupacional (e de outras especialidades) das entidades federadas, e reportará, a través da directora da federación, ao Comité de Direccións Técnicas conformado polas directoras/es das asociacións federadas.

Non ostenta autoridade xerárquica co resto do persoal, salvo nas responsabilidades e tarefas descritas para o posto.

Obxectivo do posto:

Realizar a xestión operativa e execución de actividades desde a súa área de especialización, no marco do Proxecto “Rumbo: Hacia un modelo de autonomía persoal conectada e inclusiva”, que ten entre os seus obxectivos principais, a promoción da calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias residentes en zonas rurais e semiurbanas, aplicando a súa especialidade técnica como terapeuta ocupacional, tanto de xeito directo coma de apoio aos servizos prestados polas entidades que conforman o movemento asociativo do dano cerebral adquirido de Galicia.

Formará parte do equipo de atención sociosanitaria de proximidade, xunto con un/unha logopeda, que serán apoiados/as e reforzados/os por outros perfís profesionais, cando se estime necesario.

Principais funcións e responsabilidades:

A) Funcións específicas:

- Avaliación, intervención e seguimento da autonomía persoal das persoas usuarias dos servizos sociosanitarios de proximidade (SSSP) definidos no “Proxecto Rumbo”.

	DEFINICIÓN DE POSTOS DE TRABAJO/ PERFÍS DE CUALIFICACIÓN	F1-PC-EST-06 Páxina 2 de 3 Edición: 01 DATA: 28/07/2022
---	---	---

- Deseño e Desenvolvemento do Plan Individual de Atención de cada persoa usuaria dos SSSP, colaborando co resto do persoal na realización das actividades do traballo directo con eles, efectuando un seguimento destas e traballando directamente coas persoas usuarias.
- Aplicar as intervencións para maximizar a seguridade e o rendemento nas actividades básicas da vida diaria (ABVD) e das actividades instrumentais da vida diaria (AIVD)
- Atención domiciliaria ás persoas usuarias dos SSSP, facendo especial atención á prevención de complicacións ou deterioros.
- Desenvolvemento das actividades que favorezan a adquisición das habilidades necesarias e consecución dos obxectivos definidos no PIA, para acadar a máxima autonomía funcional, persoal e social das persoas participantes nos SSSP.
- Promover todas as actuacións necesarias que favorezan a máxima inclusión na contorna familiar, comunitaria e social.
- Asesoramento e comunicación fluída cas familias e persoas cuidadoras das persoas usuarias dos SSSP.
- Realización de tarefas de formación das persoas usuarias dos SSSP e das súas familias/ cuidadoras destinadas á mellora da autonomía persoal e calidade de vida independente.
- Analizar e valorar o proceso de actuación en cada persoa, aplicando as técnicas e procedementos de avaliación necesarias que permitan valorar os resultados obtidos.
- Sistematizar toda a información xerada e derivada da súa práctica profesional, co fin de monitorar, xustificar e medir o impacto das intervencións desenvolvidas.
- Facer seguimento posterior dos resultados e medición do impacto das accións formativas e informativas.
- Participación e execución directa, xunto coa dirección, das actividades definidas en todos os paquetes de traballo nos que FEGADACE intervéñen no proxecto Rumbo.

B) Funcións transversais

- Xestión axeitada dos recursos da entidade, e do proxecto Rumbo en concreto, que lle sexan asignados para o desenvolvemento da súa práctica profesional.
- Colaboración e coordinación directa e permanente coas asociacións federadas e apoio na planificación e execución de actividades e programas orientadas á mellora da calidade de vida das persoas con dano cerebral e as súas familias, participantes no proxecto.
- Participar nas planificacións periódicas, execución e avaliación do proxecto Rumbo e outros que puideran ser requiridos.
- Elaborar as memorias e informes técnicos de seguimento periódico do proxecto e participar nos económicos.
- Participar na planificación, programación, execución e avaliación de estudos e investigacións para a xeración de coñecemento científico sobre dano cerebral, no marco do proxecto Rumbo.
- Colaborar na elaboración de memorias anuais (de actividades e de utilidade pública) e outros documentos de balance e rendición de contas sobre a actividade global da entidade.
- Cumprir e velar polo seguimento do Sistema de Xestión da calidade establecido por FEGADACE (mantemento de evidencias asociadas ao seu traballo, notificación das non conformidades detectadas, etc.)
- Participar en todas as reunións e encontros de coordinación internos e periódicos do equipo de traballo, así como en outros que poidan ser requiridos segundo demandas específicas.

	DEFINICIÓN DE POSTOS DE TRABAJO/ PERFÍS DE CUALIFICACIÓN	F1-PC-EST-06 Páxina 3 de 3 Edición: 01 DATA: 28/07/2022
---	---	---

- Colaborar na implantación do Plan Estratéxico 2020-2023 para a mellora dos procesos da federación, así como na elaboración de planificación operativas anuais.
- Calquera outra que poida ser encomendada pola dirección, no marco do proxecto Rumbo e que sexan propias da súa área de especialización.

Requisitos esixidos:

A) Perfil académico

- Titulado/a Universitario/a (Diplomatura ou Grao) en Terapia Ocupacional.
- Desexable grao de especialización medio-alto no ámbito da discapacidade, prioritariamente do dano cerebral adquirido, ou outras discapacidades mixtas (sensoriais, cognitivas, intelectuais, físicas)
- Desexable formación de Pos-Grao en temáticas de Intervención Terapéutica na Discapacidade, Neuro-rehabilitación, Dependencia, Políticas de Intervención Social, Comunitaria,...
- Desexable coñecemento e/ou formación específica en metodoloxías de planificación (Enfoque de Marco Lóxico), execución e xustificación de proxectos sociais.
- Manexo avanzado de ferramentas informáticas básicas (Word, Excel, PowerPoint, Bases de Datos, Internet).
- Coñecemento superior dos idiomas galego e castelán falado e escritos.

B) Experiencia profesional e outros requisitos

- Experiencia previa demostrable, mínimo de 1 ano en posto similar, desenvolvendo funcións propias de terapia ocupacional, en entidades sociais de atención á discapacidade, dependencia, ou de índole sanitario.
- Desexable experiencia previa en planificación, execución, seguimento e avaliación técnica de proxectos sociais.
- Desexable experiencia mínima de 1 ano, consolidada e contrastada en xestión de expedientes coa Xunta de Galicia, Goberno de España e/ou Fondos Europeos.
- Desexable experiencia previa como facilitadora de charlas, cursos/ obradoiros e outras accións informativas e formativas con persoas con discapacidade, familiares e outros colectivos profesionais implicados na atención á discapacidade e a dependencia.
- Imprescindible dispoñibilidade de mobilidade xeográfica na comunidade autónoma de Galicia.
- Imprescindible dispor de carné de conducir e vehículo propio.

C) Perfil competencial

- Boas habilidades de comunicación.
- Alta capacidade organizativa e de planificación.
- Capacidade de resolución de problemas, dinamismo e pro-actividade.
- Flexibilidade e capacidade de adaptación ás necesidades da base social.
- Identificación cos valores e misión e compromiso coa organización.
- Asertividade, adaptabilidade e empatía coa diversidade social.
- Alta orientación a traballo por obxectivos e resultado.
- Fundamental orientación para traballo en equipo